

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Help Galicia.

Examinado o expediente de declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Help Galicia, dítase a presente resolución baseada nos feitos e fundamentos de dereito que se expoñen a seguir:

Feitos.

Primeiro. O 24 de maio de 2018, José Manuel Torres García, presidente do padroado da Fundación Help Galicia, en representación de Help Adicciones, S.L., presentou solicitude de clasificación, declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Segundo. A Fundación Help Galicia foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o 4 de maio de 2018, ante o notario Julio Manuel Díaz Losada co número de protocolo 905, pola sociedade Help Adicciones, S.L., representada neste acto por José Manuel Torres García.

Terceiro. Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, a Fundación ten por obxecto:

a) A investigación e estudo da enfermidade de adicción, desenvolvendo diferentes liñas de investigación e divulgando os seus resultados delas para o seu posterior estudo e desenvolvemento.

b) O desenvolvemento de tratamentos específicos en adiccións e en patoloxía dual, estudando e valorando para este fin todos os modelos de recuperación e tratamento posibles.

c) A prevención do consumo de drogas e outras condutas de risco que impidan ou dificulten o desenvolvemento persoal ou social da poboación en xeral.

d) O desenvolvemento de modelos, metodoloxías, estratexias, programas e actividades de prevención dos problemas relacionados cos consumos de drogas, principalmente dirixidas a adolescentes e mozos.



e) O desenvolvemento de programas de intervención preventiva, con obxectivos de evitar ou paliar os problemas relacionados cos consumos de drogas.

f) O desenvolvemento de estratexias de comunicación social destinadas á sensibilización e mobilización sociais para prevención de problemas relacionados cos consumos de drogas.

g) A elaboración e desenvolvemento de metodoloxías e fórmulas de formación dos diversos colectivos de profesionais e de mediadores implicados na prevención e corrección dos problemas de drogas.

h) A promoción e a xestión de programas de cooperación internacional, con obxectivos de propiciar o desenvolvemento de terceiros países, en materias de contención e prevención de problemas psicosociais e problemas relacionados cos consumos de drogas.

i) A promoción do voluntariado xuvenil e de adultos.

Cuarto. Na escritura de constitución da fundación constan os aspectos relativos á personalidade dos fundadores, á súa capacidade para constituíla, á súa vontade de facelo como de interese galego conforme os preceptos da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, á dotación, aos estatutos e á composición do padroado inicial.

Quinto. Nos estatutos da fundación consta a súa denominación, o seu enderezo, o seu obxecto e finalidade, as regras para a aplicación das rendas aos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios, a composición e as normas de funcionamento do padroado, as causas de disolución e o destino dos bens e dereitos resultantes da súa liquidación.

Sexto. O padroado inicial da Fundación está formado por Help Adicciones, S.L. representada por José Manuel Torres García como presidente, María de las Angustias Torres García como secretaria e como vogais Help Servicios Noroeste, S.L. representada por José Manuel Torres García e Alsira García Corral.

Sétimo. A comisión integrada polos secretarios xerais técnicos de todas as consellerías elevou ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a proposta de clasificación como de interese sanitario da Fundación Help Galicia, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establecen os artigos 47.2 da citada lei, 51 do Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decre-



to 14/2009, do 21 de xaneiro, e 7 do Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, o protectorado será exercido polo departamento da Xunta que teña atribuídas as competencias correspondentes aos fins fundacionais.

Oitavo. De conformidade coa dita proposta, mediante a Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 25 de xuño de 2018 (DOG núm. 128, do 5 de xullo), clasificouse de interese sanitario a Fundación Help Galicia, e adscribiuse á Consellería de Sanidade para os efectos do exercicio das funcións de protectorado.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, consonte a lei; e o artigo 27.26 do Estatuto de autonomía para Galicia establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo. De acordo co disposto no artigo 7.2 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego, en relación co Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde á dita consellería a declaración de interese galego mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Help Galicia, así como o exercicio das funcións de protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia, de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro. Á vista do que antecede e tendo en consideración o establecido na normativa vixente en materia de fundacións de interese galego e, nas demais normas de xeral e pertinente aplicación, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar de interese galego a Fundación Help Galicia.

Segundo. Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Sanidade.



Terceiro. Esta fundación queda sometida ao disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, no Regulamento de fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, no Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, e na demais normativa de aplicación; e, especialmente, ás obrigas de dar publicidade suficiente dos seus obxectivos e actividades, da ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, así como á de presentación anual da documentación contable e do plan de actuación ante o protectorado, que será exercido pola Consellería de Sanidade.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

